IMPOSICIÓN POR PARTE DO DXX NA MESA SECTORIAL DE XUSTIZA

No día de onte os Sindicatos con representación na Mesa Sectorial fomos convocados **para pechar de maneira definitiva**, e sen previa negociación, dous asuntos vitais para o persoal titular e interino:

a) Proposta de regulamento de vacacións, permisos e licenzas.

b) Bolsa que regula o chamamento de funcionarios interinos.

Ante esta situación, os **sindicatos en unidade de acción** decidimos **non permitir máis desprezos** aos traballadores e traballadoras e **esixir** unha **negociación real.** Por iso, antes da constitución da Mesa Sectorial de hoxe, solicitamos ao Director Xeral que transformara a Mesa Sectorial (**decisoria**), **nunha mesa de traballo para negociar os permisos e licenzas e bolsa de persoal interino**, xa que as posicións entre as dúas partes son moi distantes.

Os sindicatos ofrecemos a reconversión da mesa de hoxe para que fora de mesa de traballo, ben no mesmo día ou noutro, ou ben un compromiso de que se levarían a cabo mesas de traballo e negociación en vindeiros días, manifestando o DXXustiza, que non se podía comprometer.

A pesares do ofrecemento por parte dos Sindicatos a negociar nunha mesa de traballo, o Director Xeral decidiu negar tal posibilidade, deixando como única saída levantarnos sen constituír a Mesa Sectorial.

Esperamos que o Director Xeral convoque de novo aos/as Representantes sindicais para negociar de maneira real os puntos de vital importancia para tod@s @s traballador@s da Xustiza Galega e deixe a un lado as imposicións.

A negociación colectiva é a base legal dos traballadores e traballadoras ,e polo tanto debe prevalecer en calquera ámbito laboral.

Galicia 18 de xullo de 2024

.